

Ola a todas e todos!!

Que tal estades? Que tal vos quedou o instrumento da semana pasada? Seguro que xenial, xa que sodes moi artistas! Se queredes, podédesme enviar algunha foto ao correo: olallaperez@cpiares.com . Estarei encantada de ver as vosas creacións!! E agora.... Comezamos!!

A RECORDAR

- Como se chama isto?

Ben! Pentagrama!



- E para que serve? Para colocar as notas musicais sobre as 5 liñas ou 4 espazos

- Recordamos a súa canción?

O pentagrama ten cinco liñas,
e catro espazos contando para arriba.

Un, dous, tres, catro, cinco.

Un, dous, tres, catro.

Cinco liñas ten como eu dedos na man.

Bravo!!!



- E isto como se chama?

Clave de Sol en segunda liña.



- Tamén ten a súa propia canción. Recórdala? Mentres a cantas, podes ir debuxando a clave no ar.

A clave de sol
é un caracol
que sube ata o ceo
e baixa en ascensor.




A CREAR!

Imos facer o noso pentagrama persoal. Para iso precisamos:

- tesoiras
- 1 folio
- rotulador/subraiador/marcador de cores



PASO 1: dividimos o folio á metade




PASO 2: Coa primeira metade, debuxamos as liñas do pentagrama. Se tedes regra na casa, usádea, é máis sinxelo.

Entre liña e liña deixade un dedo de ancho.

PASO 3: o anaco do folio que sobrou poñémolo sobre o pentagrama.

Debuxamos a clave de sol. Podédela facer primeiro a lapis, e despois repasádelo co rotulador. Lembra de que comezamos na segunda liña!



PASO 4: Recortamos a clave de sol e uns poucos círculos cos restos do folio e... Xa temos o noso pentagrama!!




A XOGAR!

1. Colocamos as notas sobre liñas ou espazos.

Espazo 1 – liña 2 – liña 1 – espazo 4 – espazo 2 – liña 5 – liña 3

Recorda!! As liñas no pentagrama se contan de abaixo cara arriba!

2. Colocamos as notas SOL e MI.




3. Creamos toooooodas a partituras que querades con esas dúas notas.

Outras actividades de repaso en internet (optativas)

- Debuxar clave de sol:
<https://aprendomusica.com/const2/13dibujaclavesol/dibujaclavesol.html>

- Practicar as notas SOL e MI. Facer click en



https://aprendomusica.com/swf/LaCasaDeLasNotas_esp.htm